

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A ADSCRICIÓN A UN POSTO DE ADMINISTRATIVO, VACANTE NA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO, CONVOCADA POR RESOLUCIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2024.

Por Resolución da Valedora do Pobo do 11 de decembro de 2024 (DOG nº 244 e BOPG nº 133, do 19 de decembro de 2024), convocouse un concurso de méritos para a adscrición a un posto do corpo auxiliar administrativo vacante na Institución do Valedor do Pobo (Posto nº 19 da Relación de Postos de Traballo vixente). O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 14 de xaneiro de 2025.

Mediante Resolución da Valedora do Pobo do 24 de xaneiro de 2025, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas da convocatoria do dito concurso, e por Resolución do 6 de febreiro de 2025, a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. De conformidade co disposto na base sexta da convocatoria, ambas resolucións publicáronse na páxina web da Institución.

Por Resolución do 10 de febreiro de 2025 e de conformidade co disposto na base oitava da convocatoria, procedeuse á publicación da puntuación declarada polas persoas solicitantes admitidas no referido concurso de méritos.

A Comisión de Avaliación nomeada por Resolución da Valedora do Pobo do 8 de xaneiro de 2025, para a valoración do cumprimento dos requisitos e os méritos achegados polas persoas solicitantes ao concurso de méritos, constituíuse con data do 21 de marzo de 2025 e, nese acto, revisadas as solicitudes electrónicas presentadas, acordouse, de conformidade co disposto na base novena da convocatoria, requirir a María Dolores Rivas Martínez, por ser a á persoa solicitante con maior puntuación declarada, a documentación acreditativa dos méritos alegados.

Con datas do 25 (RE: 7440/25) e 27 (RE: 7578/25) de marzo de 2025, a solicitante con maior puntuación declarada presentou a documentación xustificativa dos méritos alegados.

Con data do 1 de abril de 2025, a Comisión de Avaliación comprobou que de acordo coas bases da convocatoria e a documentación presentada, a solicitante obtén unha puntuación comprobada de 27.54 puntos.

Con data do 3 de abril de 2025, a Comisión de Avaliación remitiu proposta de Resolución provisional do concurso á Valedora do Pobo, de conformidade co disposto na base 11 da convocatoria, e a Valedora do Pobo con data do 4 de abril de 2025, ditou Resolución provisional do concurso, que publicouse nese mesmo día na páxina web da Institución.

Polo responsable do Rexistro da Institución, emitiuse certificado con data do 15 de abril de 2025, no que faise constar que transcorrido o prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, non se presentaron alegacións polas persoas solicitantes á dita resolución provisional.

Por todo o anterior e de acordo co establecido na base 12 da convocatoria, propónse resolver de forma definitiva o concurso en favor da solicitante Dña. María Dolores Rivas Martínez, con DNI nº 33.275.183 W, que obtivo 27.54 puntos, ao ser a solicitante que obtivo a maior puntuación.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Santiago González Serrano Presidente	Dña. Natalia Aller Fajardo Secretaria	Emilio López Agra Vogal
--	---	-----------------------------------

Excma Sra. Valedora do Pobo